

Integrar un continente

En 1941, resoando o ruído das bombas fascistas, o comunista italiano Altiero Spinelli escribiu na cadea, xunto con Rossi, o *Manifesto de Ventotene*, no que apostaba por unha federación de estados europeos; certamente, non foi o único político que soñou cunha Europa unida e en paz nos tempos da guerra máis atroz que nunca afectara ao continente europeo. Así, rematada a II Guerra Mundial (1945), foron varias as propostas de avanzar cara a unha comunidade de estados europeos, que se estableceu polo Tratado de Roma no ano 1957.

Nos anos seguintes o proceso de construción dunha comunidade de estados europeos seguiu a súa marcha coa incorporación de novos estados aos seis fundacionais (Francia, Alemaña, Italia, Bélxica, Holanda e Luxemburgo) e coa creación de novas institucións políticas (Parlamento...), aínda que non foi un proceso tranquilo; menos se consideramos as obrigas derivadas da integración europea, lembremos o que pasou na Galiza, que se veu obrigada a reconverter sectores económicos de importancia estratéxica na nosa sociedade. Anos despois, o proceso de construción desa comunidade de estados, que pasou a constituírse en Unión Europea polo Tratado de Maastricht de 1992, acelerouse, avanzando na integración monetaria, económica e política dos estados membros.

Porén, tras da queda da Unión Soviética

AUTOR OFRECE
AS CLAVES PARA
ANALIZARMOS A
NOSA PRESENZA
NA U.E.

e a transformación dos vellos estados socialistas en democracias burguesas, a Unión Europea, que seguiu ampliándose até acoller aos actuais 27 estados, entrou nun proceso de crise institucional, orixinada pola busca do modelo de goberno acaído a todos os estados membros e agravada polo feito de que a cidadanía europea rexeitou xa en varias ocasións os tratados constitucionais sometidos

Pensar Europa dende Galiza




ALFREDO IGLESIAS

a referendo debido ao seu evidente déficit democrático e social. Velaí está, neste sentido, o rexeitamento que expresou recentemente o pobo irlandés ao Tratado de Lisboa, que se suma ao que en anos anteriores mostraron os franceses e os holandeses.

Resulta evidente que ese rexeitamento non é unha negativa a avanzar no proceso de integración europea: é un xeito de oporse á deriva, fortemente conservadora e ultraliberal, da Unión Europea, á que estamos a asistir nos últimos tempos. Velaí está, senón, a aprobación polo pleno do Parlamento europeo da Directiva

Neste contexto, para entender o proceso de construción europea e a actual crise constitucional, Camilo Nogueira, ben coñecido político e intelectual galego, vén de publicar dúas obras complementarias: *Europa, o continente pensado*, no que presenta unha elaborada reflexión sobre o proceso de construción europea, e *Galiza na Unión. A porta atlántica* (2008), onde analiza as consecuencias da entrada do noso país no espazo económico e político europeo, coas que achega reflexións abundas para pensar Europa dende Galiza, dende unha óptica nidiamente galega. Efectivamente, con *Europa, o continente pensado* e, complementariamente, *Galiza na Unión*, Camilo Nogueira ofrece abundas claves para reflexionar sobre a nosa presenza na Unión Europea e para pensar o noso futuro nunha Europa que debe abandonar a actual deriva ultraliberal



e conservadora e recuperar a tradición de benestar e progreso da que fala Camilo Nogueira no libro.

NOGUEIRA, Camilo, *Europa, o continente pensado*, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 360 páxinas.

de retorno de inmigrantes de terceiros países residentes no territorio da Unión –tamén coñecida polo seu acertado alcueme: a directiva da vergoñou a aprobación polos ministros de Traballo da Unión Europea doutra directiva, esta relativa á xornada laboral, que se prolonga a 60 horas semanais...